

FICHA TÉCNICA
INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA VAL DO MIÑO
OURENSE

Creación: Por Orde do 15 de xullo de 1987 da Consellería de Agricultura (DOG nº 160, do 21.08.1987) sobre as condicións que terán que cumprir para acollerse á denominación “Viño da Terra Val do Miño-Ourense” os caldos elaborados nesta bisbarra.

Regulamentación: Orde do 10 de febreiro de 2009 pola que se modifica e refunde a normativa reguladora da indicación xeográfica Viño da Terra val do Miño-Ourense (DOG nº 31, do 13.02.2009). Modificado pola Orde do 4 de marzo de 2011 (DOG nº 57, DO 22.03.2011).

Enderezo: Pazo de Quián, s/n. Sergude
15.681 Boqueixón. A Coruña
Tel: 881 997 391 / 881 997 276
Fax: 981546 676
correo electrónico: ingacal@xunta.es

Rexistros a 31 de decembro de 2012:

Superficie en produción:	5 ha
Viticultores:	14
Industrias:	3


Volume de actividade no ano 2012:

Produción uva:	44.006 kg
Viño comercializado:	15.600 l
Valor económico estimado:	62.400 €

Zona amparada pola IXP Val do Miño-Ourense

A zona amparada pola Indicación Xeográfica Protexida Val do Miño-Ourense está constituída polos terreos aptos para a produción de uva pertencentes ós termos municipais e parroquias seguintes da provincia de Ourense:

- Amoeiro: as parroquias de Parada de Amoeiro e Trasalba.
- Barbadás: as parroquias de Barbadás, Bentrances, Loiro, Piñor, Sobrado do Bispo e A Valenzá.
- Cartelle: as parroquias de Cartelle, San Tomé e Sande.
- Coles: as parroquias de A Barra, Coles, Gual, Gutei, Melias, Ribela e Santo Eusebio da Peroxa.
- Gomesende: as parroquias de A Guía, O Pao, San Lourenzo de Fustáns e O Val.
- Nogueira de Ramuín: as parroquias de Moura, e San Miguel do Campo.
- Ourense: as parroquias de Beiro, Cabeza de Vaca, Canedo, O Castro de Beiro, Ceboliño, Cudeiro, Montealegre, Ourense, Palmés, Rairo, Reza, Santa Mariña do Monte, Santiago das Caldas, Seixalbo, Tras do Hospital, Trasalba, Velle, Vilar de Astrés e Vista Fermosa.
- Padrenda: as parroquias de O Condado, Crespos, Crespos, Desteríz e Padrenda.
- O Pereiro de Aguiar: as parroquias de Calvelle, A Lamela, Melias, Sabadelle, San Xoán de Moreiras, Tibiás e Vilariño.
- A Peroxa: as parroquias de Gual, A Peroxa e Vilarrubín.
- Pontedeva: as parroquias de Pontedeva e Trado.
- Quintela de Leirado: a parroquia de Quintela de Leirado.
- San Cibrao das Viñas: as parroquias de Noalla, Pazos de San Clodio, Rante, San Cibrao das Viñas, Santa cruz da Rabeda e Soutopenedo.
- Toén: as parroquias de Moreiras, Mugares, Toén, Trelle e Xestosa.



Características dos viños da IXP Val do Miño Ourense

Son vinos lixeiros, secos, frescos e lixeiramente acedos, con graduacións alcohólicas moderadas, de intensidade media e persistencia prolongada.

Os elaborados a partir de uvas brancas presentan unha cor palla pálida e/ou dourada; en boca resultan afroitados e florais e, acompañados en nariz de toques vexetais de herba fresca e flor branca.

Os viños tintos presentan uns tons brillantes e vivos con reflexos violáceos e ribete purpúreo, en nariz destacan os aromas de froitas vermellas e lixeiros toques minerais e na boca son complexos, carnosos e vivos, longos en persistencia e cun destacado toque final tánico.

Variedades de uva da IXP Val do Miño-Ourense

- **Branca principais:** Treixadura, Torrontés, Godello, Albariño e Loureira.
- **Branca autorizadas:** Palomino.
- **Tintas principais:** Mencía, Brancellao, Mouratón, Sousón, Caíño bravo, Caíño longo e Caíño tinto.
- **Tintas autorizadas:** Garnacha tintureira.

Tipos de viños amparados:

Branco e tinto, tendo que ser elaborados cun mínimo do 60% de uvas das variedades consideradas principais.

A graduación alcohólica mínima é do 9,5% en volume